

Aprobada unha rebaixa no imposto da Plusvalía

O pleno do Concello vén de aprobar a proposta da oposición para reducir o imposto da Plusvalía.

Na sesión plenaria do mes de xuño, o equipo de goberno do PP levou unha proposta para reducir este imposto, pero todos os grupos da oposición votamos para que ese punto se retirara, xa que **o PP decidira de forma unilateral esa primeira proposta de baixada.**

Dende AER, que participamos en todas as comisións previas, rexeitamos que non se nos tivera dado a información que solicitáramos.

En setembro do 2015 comezouse tratar esta posible baixada e en varias ocasións solicitamos que se nos informara de recadacións anuais, bonificacións, cotas, valores catastrais... **nunca obtivemos respostas concretas.** Do mesmo xeito, xa na reunión inicial indicamos que tal e como solicitáramos nunha moción en febreiro do 2012, aprobada por unanimidade, **o primeiro paso debería ser facer unha análise das taxas e impostos municipais: nunca se tivo en conta.**

Despois do pleno de xuño, os grupos da oposición reunímonos para tratar de levar unha proposta común para o seguinte, mentres na prensa dende o PP se nos recriminaba de "non querer reducir os impostos", tamén se nos tilda de "non traballar en clave Redondela" ou de "radicais".

O 13 de xullo levouse esa proposta á comisión de Facenda. O Alcalde dixo que estudaría a nosa proposta e propuxo a retirada total do imposto (xa que no seu partido había xente disposta á retirada). Dende AER posicionámonos en contra.

O día 27 de xullo volvemos reunirnos e dende os servizos técnicos presentouse un informe advertindo dos problemas que poderían darse de efectuar a rebaixa proposta, tanto dende a oposición como dende o PP. A disposición do Alcalde (e concelleiro de Facenda) mudou totalmente; de súpeto só importaba o informe técnico e as consecuencias. Convocáronos a outra reunión o día 2 de setembro coa vista no pleno que se ía realizar o día 8. Dende a oposición deixamos claro que manteríamos a nosa proposta, e dende o PP que estudarían as diferentes posibilidades.

Chegado o 2 de setembro, o PP mantívose na súa proposta e a oposición na súa, pero a necesidade de presentar de maneira formal nunha comisión de Facenda a proposta, xunto cun novo informe técnico, fixo que finalmente a rebaixa da plusvalía non se tratara ata o pleno do 29 de setembro.

	PROPOSTA PP	PROPOSTA OPOSICIÓN
TIPO IMPOSITIVO ACTUAL 30%	1-5 anos 28% Ata 10 anos 26% Ata 15 anos 19% Ata 20 anos 15%	15%
BONIFICACIONES ACTUAIS 95% por VIVENDA HABITUAL*	95% valor do solo: Ata 15.000€ 75% valor do solo: de 15.000€ ata 35.000€ 50% valor do solo: de 35.000€ ata 50.000€ 15% valor de solo: 50.000€	BONIFICACIÓN DE TODAS AS HERDANZAS AO 95%

*Proposta do PSOE Moción setembro 2012

En opinión dos servizos técnicos, as diferentes propostas minguarían da seguinte forma os ingresos do Concello:

Proposta PP	-313.306,28€
Proposta Oposición	-565.784,54€
Retirada do imposto	-704.682,36€

Advertíusenos a todos os grupos de que a adopción de calquera das propostas podería levar ao Concello a incumprir a estabilidade orzamentaria ou a regra de gasto (no caso da proposta da oposición e da retirada do imposto, incumpriríanse as dúas). Isto obrigaría ao Concello a elaborar un plan económico financeiro. Tamén se nos advertiu de que non se tomaran este tipo de decisións sen antes ter claro onde se reducirían os gastos ou como se aumentarían os ingresos.

Se dende un inicio tiveramos feito o estudo demandado dende AER das diferentes taxas e impostos municipais, o Concello afrontaría doutra maneira esta redución de ingresos. Pero nunca existiu vontade dende o PP para cumprir esta, e outras decisións plenarias.

Dende AER cremos que o Concello pode asumir esta redución de ingresos. **Cremos que a Plusvalía gravaba de forma inxusta as herdanzas dos veciños.** Sabemos que o aumento de recadación neste imposto posibilitou que o PP cadrara as súas contas estes catro últimos anos., debido ao desproporcionado das contías que algúns veciños e veciñas tiñan que abonar polo altísimo valor catastral que adquiriron as propiedades froito de facer unha revisión catastral no peor momento, alá polo 2006.

NOVA ORDENANZA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE SITUACIÓNS DE EXCLUSIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE REDONDELA

A modificación e nova redacción da Ordenanza Municipal de Prevención de Situacións de Exclusión Social do Concello de Redondela, foi aprobada definitivamente en pleno o pasado 24 de maio de 2016 e publicado o seu texto íntegro no BOPPO nº122 de data 28 de xuño 2016. Definitivamente entrou en vigor o pasado 16 de xullo de 2016.

Dende AER o que se pretendeu coas nosas propostas e achegas nas distintas comisións a dita modificación foi:

-Chegar a máis veciños/as demandantes deste tipo de axudas: aumentado o límite de ingresos, que ata o de agora estaba dentro dos límites do IPREM, ao SALARIO MÍNIMO.

- **Facilitar os trámites aos interesados** o máximo posible coa incorporación da **Tramitación Electrónica:** entendemos que o Concello como Administración ten que levar o peso da tramitación, dando as maiores facilidades burocráticas á veciñanza.

- **Definir os procedementos,** de xeito que existan uns prazos tanto para a Administración como para os solicitantes, que consideramos necesario sexan definidos de forma clara, obxectiva e común para tod@s.

Entre as medidas e propostas máis destacadas que **AER** propuxo nas Comisións para esta modificación, e que así reflicten as actas oficiais das mesmas, están:

- **Aumentar o límite da renda per cápita mensual bruta da unidade de convivencia do IPREM 532,51 €/mes, ao SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL (SMI) 655,20€/mes.** Deste xeito as unidades de convivencia que antes tiñan que manterse dentro dos límites do IPREM nos seus ingresos para poder optar a esta axuda, agora verán aumentado dito límite ao SMI, de xeito que máis veciños poidan optar a este tipo de axudas.

- **Aumentar o límite dos meses de aluguer para as vítimas de violencia machista, pasando de 6 meses da anterior ordenanza aos 12 meses de aluguer (un ano) actuais.** Esta medida propúxose para tentar darlles unha **estabilidade real** ás mulleres ou familias que se atopen nesta situación, xa que entendemos en seis meses dificilmente se acada, e ás veces nin sequera nun ano. Recordamos que estas axudas son anuais, o



que quiere dicir que no caso de seguir necesitándoa despois dese primeiro ano, poderían volver solicitala para o ano seguinte e darlle así unha continuidade a esa estabilidade necesaria de forma real.

- Lamentar outra proposta que foi rexeitada neste caso, que supuña que á hora de analizar os ingresos da unidade de convivencia se tiveran en conta tamén as **cargas** de dita unidade, xa que entendemos que non telas en conta pode provocar casos de inxustiza na concesión, ou máis ben, a non concesión das mesmas.

Comentar que **aínda que o orzamento para este tipo de axudas pasara dos 60.000€ do ano anterior, aos 80.000€ actuais, o gasto no ano pasado 2015 só alcanzou os 30.000€,** no ano 2014 os 20.000€, e no 2013 foron 5.500€ dende a súa aprobación en xuño ata decembro. Por iso, cremos que é importante ter un orzamento suficiente, pero máis importante aínda é facilitar que as axudas cheguen aos demandantes, motivación primeira para a vontade de modificación desta ordenanza por parte de AER.

Dende **AER animámosvos** a todos os que por algún motivo vos foron rexeitadas estas axudas municipais de prevención de situacións de exclusión social **a que revisedes os vosos expedientes para estas novas medidas ou a que vos informedes de se con estas novas condicións teríades acceso a elas.**

Tamén queremos facer un chamamento para seguir facendo propostas ou melloras por parte dos usuarios ou veciños que consideren que existen puntos ou situacións nas que poidamos mellorar, para así poder conseguir que estas axudas cheguen ao maior número de veciños posible.

CONSULTAR ORDENANZA TEXTO INTEGRO:
<http://www.boppo.depo.es/>
[BOP.PO. nº.122 de data 28 de xuño 2016]

O PLENO ACORDA NON TRASLADAR AS OFICINAS DE SERVIZOS SOCIAIS AO MULTIUSOS DA XUNQUEIRA

Os orzamentos do 2016, que foron aprobados en Xunta de Goberno por parte do Partido Popular de forma unilateral, serviron como primeira noticia para que os grupos da oposición soubéramos que o equipo de goberno destinaba 50.000€ destes orzamentos para o traslado deste servizo ás dependencias do Multiusos da Xunqueira, a pesar das **consideracións argumentadas en contra desta iniciativa**, tanto por parte de tódolos **grupos da oposición** como das mesmas **técnicas e traballadoras do servizo**.

Por parte desta Agrupación tentamos, a través de rexistros e correos electrónicos, solicitar máis información sobre este traslado. Queriamos saber por que se isto se quedara de tratar en comisión con tódolos grupos e coas técnicas do servizo, o equipo de goberno tomara a decisión de optar por esta iniciativa da Concelleira de Servizos Sociais do Equipo de Goberno, Mari Carmen Amoedo, tal como recoñeceu en pleno.

No pasado pleno de maio 2016 tratouse unha **moción do PSdG de Redondela** coa intención de **paralizar dito traslado ao Multiusos** e reconsiderar unha das propostas que xa se falaran en comisión por parte de todos os grupos e coa que todos, incluídas as técnicas, traballadoras e sindicatos, estabamos de acordo, como era o **traslado do servizo á parte baleira do edificio da Marisma do Ministerio de Empleo y Seguridad Social ("Antiga Casa do Mar")**. Posibilidade que o equipo de goberno quedara de estudar e dar conta de ditos trámites, ao igual que co resto das opcións. En ningún momento se nos facilitou máis información sobre o tema, ata coñecer a intención do Goberno Local a través dos seus orzamentos, e a información que por medio das nosas propias solicitudes recibimos (rexistros e correos electrónicos). Achegáronnos, despois dunha solicitude nosa, unha Memoria sobre o traslado do Servizo ao Multiusos da Xunqueira, pero en ningún caso dos posibles trámites feitos para conseguir as demais localizacións propostas e consideradas en comisión.

A moción presentada solicitaba a maiores **estudar outra posible localización, como é o baixo de 300m2 cedido por Profano Terrenos S.L. (Antigos terreos Regojo)**.

Estas propostas nacen da necesidade que teñen os servizos de Servizos Sociais e CIM (Centro Información á Muller) do noso Concello, de ser trasladados das dependencias nas que actualmente traballan a diario e que **non cumpren coas necesidades** imprescindibles, para poder dar un óptimo servizo e atención aos usuari@s do mesmo.

Sendo coñecedores de que todos estes trámites poden levar o seu tempo e aínda máis cando non hai interese por certas partes, **dende AER quixemos engadir, como posible solución provisional**, un acordo a dita moción debido á necesidade urxente que padecen estes dous servizos, como é a posibilidade de **habilitar e reorganizar o espazo total da localización actual destes servizos**, primeira e segunda planta (actualmente ocupan unicamente a segunda), mentres non se atope un lugar axeitado para realizar dito traslado de forma definitiva.

Entendemos que se hai vontade e se cumpren os acordos plenarios aprobados, é posible atopar unha solución provisional, como a proposta por esta Agrupación, e que non suporía practicamente investimento nin cortes nos servizos. E paralelamente seguir traballando para conseguir definitivamente esas localizacións que poden dar cabida ás necesidades reais para optimizar os servizos de **Servizos Sociais e do CIM**.

A negativa do traslado ao Multiusos da Xunqueira ven motivada por diferentes aspectos pero sobre todo polas numerosas deficiencias que o servizo seguirá a ter con ese traslado e que aínda así, nos custaría "orzamentados 50.000€". Pensamos que con ese traslado non se cubrirían definitivamente as necesidades destes servizos e que incluso moitas delas veríanse afectadas de xeito negativo.

Entre as **principais motivacións** para non trasladar o servizo de Servizos Sociais ao Multiusos e tralo estudo da Memoria solicitada, salientamos:

- **Non consideramos operativo separar os servizos de Servizos Sociais e CIM.** Son servizos que traballan en continua coordinación diaria e este traslado ao Multiusos sería só para S. Sociais.
- **Non supón unha mellora salientable nos espazos** que é o que se pretende como base deste traslado. Nin para o caso dos despachos das técnicas, que non melloran o que hai actualmente, nin para o espazo de arquivo que rolda os 3.500 expedientes en papel.
- **A distribución en xeral é pouco operativa:** por exemplo, a zona auxiliar administrativa queda excesivamente separada dos despachos das técnicas e para comunicarse terían que cruzar a sala de espera.
- Existen outras deficiencias consideradas e analizadas polas propias traballadoras e técnicas, que cremos deben ser tidas en conta xa que son as que diariamente conviven con ditas deficiencias e coñecen de primeira man as demandas d@s usuari@s.

Redondela declárase contraria ao Acordo Transatlántico de Comercio e Investimento (TTIP)

O pleno do noso Concello, cos votos a favor de AER, BNG e PSOE, e coa abstención do PP, aprobou a moción presentada pola Agrupación de Electores de Redondela dentro da campaña "Non ao TTIP Galiza".

Cres que as políticas neoliberais da Unión Europea (UE) non che afectan? O Acordo Transatlántico de Comercio e Inversións (TTIP) entre a UE e os Estados Unidos vai intensificar as **privatizacións**, afondará nos **recortes sociais** e na perda de dereitos laborais, ademais de perpetuar a **crise ambiental**.

En xuño do 2013 -ás costas da poboación- comezaron as negociacións entre a Unión Europea e Estados Unidos (EEUU) para promover un Acordo Transatlántico de "libre" Comercio e Investimentos (TTIP).

Que regulará o TTIP? O TTIP pode desembocar na supresión de regulacións sociais, laborais, ambientais ou de seguridade alimentaria e sanitaria e supoñer unha diminución nas liberdades dixitais.

Se é tan preocupante... **por que non hai debate social?** Porque **o TTIP está a negociarse na sombra**.

No noso día a día, que pode supoñer?

No ámbito social: unha equiparación aínda máis **baixa da protección** que nos queda, afectando ás normas de protección social, laboral, da saúde e do medio ambiente. Así, poderíamos ver aumentar a produción e a venda de **transxénicos**, de toxinas ou de sustancias químicas perigosas.

No terreo laboral, estas negociacións súmanse ás **políticas antisindicaís** de EEUU, que se nega a ratificar convencións da Organización Internacional do Traballo sobre o dereito a sindicarse, así como aos ataques da UE e a troika, impondo baixadas salariais e normas laborais máis "flexibles".

Ademais das liberalizacións e privatizacións que xa estamos a sufrir: recortes, despedimentos, perda de dereitos e de calidade dos servizos... poñéndose a rendibilidade económica por riba de todo.



Por todo isto, AER propuxo no Pleno de maio, e aprobouse:

- **Declarar o Concello de Redondela como "Concello oposto ao Acordo Transatlántico de Comercio e Investimento (TTIP)", defendendo os servizos públicos básicos para a solidariedade e redistribución social.**

- **Solicitar do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do Goberno de España:**

* **O seu apoio a todas as iniciativas dirixidas a manter o carácter público dos chamados servizos socialmente útiles.**

* A derogación inmediata con carácter retroactivo da "Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local" para legislar no seu lugar unha nova normativa enfocada ao desenvolvemento da economía local.

- Solicitar do Ministerio de Economía e Competitividade do Goberno de España a **suspensión das negociacións do TTIP e outros acordos comerciais similares** como o TISA (Acordo Multilateral para a Liberalización e Privatización de Servizos Públicos), e a non ratificación do CETA (Acordo de Libre Comercio entre Canadá e a UE).

O vindeiro 15 de outubro hai unha manifestación en Vigo con motivo das mobilizacións que se realizarán a nivel global contra os Tratados de Libre Comercio.

Síguenos en



facebook.com/AERedondela



twitter.com/AER_Redondela

Correo electrónico: info@aeredondela.com

www.aeredondela.com

BOLETIN Nº42
6 outubro 2016